



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Arte: Linguaxes e técnicas artísticas

Materia	Arte: Linguaxes e técnicas artísticas			
Código	002G251V01103			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Vázquez Rozas, Roberto			
Profesorado	Vázquez Rozas, Roberto			
Correo-e	rvrozas@uvigo.es			
Web	<a href="http://faitic.uvigo.es">http://faitic.uvigo.es</a>			
Descrición xeral	<p>A materia que se presenta baixo o título de Linguaxes e técnicas artísticas, non se presenta como unha historia da arte no sentido estrito do concepto, se non que, indo máis alá do contido histórico, reúne unha serie de conceptos básicos que o futuro historiador da arte debe coñecer.</p> <p>O obxectivo fundamental é aproximar ao estudante que se inicia na titulación, á comprensión do fenómeno artístico dende a análise ou lectura formal dos elementos primordiais de expresión que constitúen cada unha das artes. Así obteríanse uns coñecementos que permitirían a reconstrución tan obxectiva como sexa posible de todos aqueles aspectos que contribúan a coñecer e comprender a forma e a función orixinal das obras de arte para, en cursos posteriores, poder ser estudadas en relación coas circunstancias nas que foron realizadas.</p> <p>Desta forma, a materia organízase como un compendio de contidos orientados a promover a reflexión sobre a natureza e función da obra de arte e sobre as peculiaridades das distintas linguaxes artísticas.</p> <p>Unha inevitable delimitación de campos científicos determina que a materia se centre na análise das distintas linguaxes tradicionais, dende a arquitectura ás chamadas artes visuais e decorativas.</p>			

## Competencias

Código	
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
B2	Comprender os procesos que se desenvolven en diversas escalas espazo-temporais e en diversos contextos socio-culturais
B6	Aplicalas no contexto do futuro académico e/ou profesional; e crear as bases para futuros estudos de postgrao, especializados e/ou multi-disciplinares
C27	Coñecementos particulares e optativos da Historia da Arte
C28	Coñecemento das distintas metodoloxías da aproximación á Historia da Arte
C29	Coñecemento sistemático e integrado do feito artístico: distintas linguaxes e técnicas da produción artística ao longo da historia
C31	Coñecementos básicos de iconografía como clave para a interpretación de imaxes
C33	Coñecementos sobre documentación, composición de materiais e técnicas construtivas dos bens artísticos móbiles e inmóbiles
C34	Coñecementos instrumentais aplicados á Historia da Arte
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Aplicación dos coñecementos
D4	Comunicación oral e escrita no idioma propio
D7	Capacidade de razoamento crítico
D8	Compromiso ético e responsabilidade social
D10	Atención á diversidade e á multiculturalidade.
D14	Motivación pola calidade
D16	Coñecemento doutras culturas

<b>Resultados de aprendizaxe</b>				
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecemento sistemático e integrado do feito artístico: arquitectura, escultura, pintura e artes menores, os seus elementos integrantes, finalidade e destino.	A3	B2	C27 C29	D1 D7 D16
Coñecemento e comprensión dos diferentes materiais, técnicas e procedementos artísticos e dos valores formais e expresivos que as vehiculan.	A3		C27 C29 C33	D2 D8
Adquisición e dominio da terminoloxía artística específica.	A4	B6	C27 C29 C33	D2 D4 D16
Capacitación para a selección, manexo e tratamento da información e os datos artísticos básicos nun contexto tanto disciplinar como multidisciplinar.	A4		C27 C28 C29 C33	D1 D7 D8 D14
Comprensión das principais creacións, solucións e elementos do mundo clásico.			C29	D10 D16
Manexo das fontes iconográficas e a súa aplicación para a interpretación e correcta lectura da obra de arte	A3		C27 C28 C31 C34	D1 D2 D7 D10 D16

### Contidos

Tema	
1. Teoría e linguaxe da arquitectura	1.1. Elementos formais do espacio arquitectónico 1.2. Función, símbolo e tipoloxías arquitectónicas 1.3. Tratados de arquitectura
2. Artes visuais e decorativas	2.1. A arte da escultura: materiais, procedementos técnicos e plásticos, función e significado 2.2. A arte da pintura: elementos formais e plásticos. As técnicas pictóricas e as súas posibilidades 2.3. Fontes literarias e técnicas
3. As artes decorativas e suntuarias	3.1. Fontes e técnicas das artes decorativas: materiais, elaboración e evolución histórica.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Eventos docentes e/ou divulgativos	4	20	24
Saídas de estudo/prácticas de campo	4	10	14
Traballos tutelados	3	20	23
Titoría en grupo	5	5	10
Sesión maxistral	24	10	34
Seminarios	4	10	14
Actividades introdutorias	1	0	1
Probas de resposta curta	4	24	28
Outras	1	1	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Eventos docentes e/ou divulgativos	Saídas programadas para asistir a actividades docentes e divulgativas organizadas por especialistas de institucións museísticas. Reservaranse dúas horas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía de xeito que computan nas actividades dirixidas.
Saídas de estudo/prácticas de campo	Práctica de campo para o estudo in situ das planimetrías e tipoloxías arquitectónicas e dos diferentes xéneros artísticos
Traballos tutelados	Realización e exposición por parte do estudante dun traballo individual tutelado, relacionado cos contidos da materia, iniciándose no manexo das fontes bibliográficas, documentais e literarias
Titoría en grupo	Atención titorizada en grupo para a atención e resolución de aspectos derivados do aprendizaxe

Sesión maxistral	Exposición na aula por parte do profesor dos contidos teóricos da materia con apoio de material gráfico e didáctico
Seminarios	Seminarios orientados á planificación dos traballos tutelados e a súa exposición así como outros aspectos complementarios
Actividades introductorias	Sesións previas orientadas á presentación do desenvolvemento da materia e toma de contacto co alumnado

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A atención personalizada encamiñase ao seguimento e supervisión por parte do profesor de todos os materiais e actividades xeradas nas actividades prácticas, así como doutros aspectos derivados da actividade docente.
Titoría en grupo	A atención personalizada encamiñase ao seguimento e supervisión por parte do profesor de todos os materiais e actividades xeradas nas actividades prácticas, así como doutros aspectos derivados da actividade docente.
Seminarios	A atención personalizada encamiñase ao seguimento e supervisión por parte do profesor de todos os materiais e actividades xeradas nas actividades prácticas, así como doutros aspectos derivados da actividade docente.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Traballos tutelados	Os traballos tutelados serán avaliados en función do interese, bibliografía e metodoloxía empregada, así como dos recursos empregados na súa exposición. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Aprendizaxe e lectura crítica e integral da obra de arte, tendo en conta a complexidade das súas diferentes interpretacións e significados. Manexo das fontes iconográficas e a súa aplicación para a interpretación e correcta lectura da obra de arte. Capacitación para a selección, manexo e tratamento da información e datos artísticos básicos.	20	A3 A4	B2 C28 C29 C33 C34	D1 D2 D4 D7 D16	
Sesión maxistral	A sesión maxistral será avaliada mediante unha proba escrita de resposta curta. Para superar esta proba é necesario obter un mínimo de 5 puntos (sobre os 10 do total). Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento sistemático e integrado do feito artístico. Coñecemento e comprensión dos diferentes materiais, técnicas e procedementos artísticos e dos valores formais e expresivos. Adquisición e dominio da terminoloxía artística específica.	60	A4	B2 B6 C27 C28 C29 C33	D1 D4 D10 D14 D16	
Seminarios	A avaliación das prácticas a través dos seminarios serán avaliadas mediante a entrega dos exercicios realizados nas diferentes sesións de traballo. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos fundamentos artísticos da cultura clásica de base humanística. Comprensión das principais creacións, solucións e elementos do mundo clásico.	10	A3 A4	B6 C28 C29	D1 D2 D7 D14	
Outras	Valoración do traballo autónomo do alumno a través de probas de autoevaluación a través de Moodle. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Capacitación para a selección, manexo e tratamento da información e os datos artísticos básicos nun contexto tanto disciplinar como multidisciplinar	10	A4	C27 C28 C29 C33	D1 D7 D8 D14	

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Os estudantes que se acollen á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados de aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. Se especificarán as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan poder acceder ao mesmo porcentaxe de nota. O seguimento individualizado da participación dos alumnos a través

das TIC será feito a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade, asistindo ás titorías, que serán fixadas nun horario compatible coa súa actividade, para resolver as dúbidas surxidas no transcurso da avaliación. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles.

Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a realizar os exames finais (Artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos/as que non poidan acollerse á avaliación contínua, deberán comunicarlo ao profesor no inicio do curso, debidamente xustificado. Serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio, que representará un 30% desta.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

BONET CORREA, A., **Historia de las artes aplicadas e industriales en España**, Catedra,

BOZAL, V., **El lenguaje artístico**, Península,

CALABRESE, **El lenguaje del arte**, Paidós,

CALABRESE, **Cómo se lee una obra de arte**, Cátedra,

DOERNER, M., **Los materiales de pintura y su empleo en el arte**, Reverté,

MALTESE, C., **Las técnicas artísticas**, Cátedra,

WITTKOWER, R., **La escultura: procesos y principios**, Alianza,

---

### **Recomendacións**

#### **Outros comentarios**

Recoméndaselle ao alumno a familiarización cun léxico de termos e voces de arte e arquitectura para a comprensión das diferentes disciplinas de Historia da Arte.

Ao longo do curso entregarase unha documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través da plataforma Moodle, polo que todos os alumnos deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

---